




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Sanxenxo. Parroquias: Santo Estevo de Noalla nunha franxa ao oeste e San Pedro de Vilalonga o resto. Extensión: 4,1km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa extremadamente recortada e irregular formada por una extensa chaira intermareal con depósitos sedimentarios areoso-lamacentos e aparición de illas baixas entre as canles principais de circulación hídrica cubertas total ou parcialmente polas mareas altas o que modifica a súa superficie temporalmente aínda que case todas presentan formacións de marismas vexetadas. O sector continental da unidade destaca polo seu relevo aplanado sucado por canles fluviais pouco significativos e que na zona de contacto coa marisma pode presentar pequenas lagoas costeiras máis ou menos artificiais en función da súa dependencia do fluxo mareal. No extremo sur localízase a cabeceira da vertente, a uns 146m snm, polo que é aquí onde a pendente faise lixeiramente máis acusada. Inclúe o EIX Marismas da enseada do Bao e desembocadura do Umia.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía da unidade vincúlase aos depósitos cuaternarios, que son marismais na franxa costeira, pero de terraza pleistocénica cara ao interior. No sur da unidade, limitando estes depósitos, afloran rochas ígneas de afinidade calcoalcalina de serie tardía, normalmente granodioritas e granitos biotítico-anfibolíticos, con facies de gran groso.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa baixa de ambiente climático Cálido e Húmido: precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm, temperaturas suaves que alcanzan valores medios anuais por encima de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Costa baixa afectada as mareas e a súa dinámica sedimentaria polo que predominan os chans costeiros incipientes de aspecto lamacento (tipo sapropel) e os fluvisoles sálicos e tiónicos propios das áreas de marisma. En menor medida aparecen antrosóis derivados de modificación dos chans polas actuacións humanas. O resto da unidade está formada principalmente por cambisols e umbrisols dístricos que soportan unha intensiva explotación agropecuaria.


AS AUGAS

Na confluencia das augas doces e mariñas desta unidade, orixínase unha zona esteira de marismas á que algúns pequenos regatos como o Lagarei, na praia da Sequina, realizan as súas achegues hídricos. A masa de Augas Superficiais desta zona é considerada como de Transición segundo o código 20149.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída no Iba Contorna mariña das Rías Baixas. Sector costeiro protexido polo LIC Complexo Ons-O Grove. Área de fondo de estuario na que dominan os hábitats do 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais. Tamén hai extensións de marisma (grupo 13), que suman 26ha. A nivel continental non hai que perder de vista a intensidade da ocupación humana, agrícola e construtiva, para entender o escaso tamaño das formacións de arboredo autóctono. Son os regatos costeiros os que suman estreitas e fragmentadas masas de ribeira (91E0), en concreto o Rego de Lagarei e o da Revolta. Hai tamén frondosas de recolonización en pequenos rodais, pero tampouco teñen entidade notable. Si suman ao arboredo autóctono os exemplares de frondosas caducifolias que rodean as balsas das Pozas, unha vez que estas empezan a recuperar espazo (algo máis de 1,5ha) trala degradación antrópica.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Dominan os terreos de cultivo en minifundio, asociados á multitude de vivendas unifamiliares repartidas pola unidade. Estes cultivos estrutúranse en pequenas parcelas, xeralmente rectangulares e alargadas, sendo a vide un dos tipos máis estendidos, e seguida doutros cultivos tradicionais. Dentro das coberturas do chan naturais, destaca toda a zona intermareal do norte, ocupada por pequenas lagoas (algúns delas artificiais, resultado da inundación de antigas escavacións), marismas e vexetación composta principalmente por xuncos e outras especies destes ambientes. As matogueiras de substitución, as formacións arboredas mixtas, e mesmo o arboredo disperso de repoboación, aparecen formando rodais de mediano tamaño, preferentemente cara ao norte e nordeste. Cabe resaltar o uso industrial e extractivo nas inmediacións da costa, actualmente abandonado en boa medida.

MORFOLOXÍA

A unidade presenta unha topoloxía chá, cunha costa baixa e de forma cóncava, composta por pequenas illas e puntas construídas sobre materiais sedimentarios das marismas do Vao. Ademais, esta liña costeira foi profundamente transformada debido ás escavacións ligadas a la actividade industrial, presentando lagoas ou pequenos saíntes sobre os que se trazan viarios de acceso ás instalacións fabrís. A poboación aséntase no centro setentrional da unidade, xeralmente presentando unha disposición lineal ao longo das principais vías terrestres de comunicación. A partir dos núcleos tradicionais, como os de Arnosa ou A Revolta, vén producindo unha gran expansión de vivendas de segunda residencia asociadas ao turismo de sol e praia. Estas crecen tamén de forma lineal ao redor das estradas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada máis importante, a PO-550, transcorre polo sur da unidade de leste a oeste cara á costa da Lanzada. Ao redor dela establécense os núcleos de poboación formando un continuo de vivendas, nuns casos unifamiliares, e noutros colectivos. Desta vía parten dúas estradas provinciais cara ao norte da unidade que chegan aos núcleos da Fionteira e A Arnosa a EP-9211, a O Freixo e Rouxiña a 9210, e no sudoeste da unidade, á atura da Touticeira, a estrada EP-9208 desdóbrase da principal cara ao sudoeste. Ademais destas infraestruturas adaptadas ao tráfico rodado, existe unha rede de camiños menores, destacando especialmente as vías de servizo das canteiras e complexos industriais da liña de costa; onde tamén aparecen numerosos embarcadiros cos seus respectivos pantaláns, como os de Punta da Fioiteira e Punta da Arnosa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Como exemplos do patrimonio histórico cultural da unidade, cabe destacar o castro de Vilalonga, situado no límite sueste da unidade, nas inmediacións do monte do Castro. Numerosos cruceiros e hórreos acompañan a outros elementos do patrimonio etnográfico como a casa da Torre en estado ruinoso e o muíño de Nobelio. Outros elementos patrimoniais de interese son as fábricas abandonadas da costa e a transformación do territorio que desencadearán durante o seu funcionamento, poden conter un alto valor cultural sempre que representan bos exemplos dunha das bases económico-productivas de antano na unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter e a organización territorial da unidade están enormemente influenciados pola morfoloxía do terreo: unha ampla chaira litoral con gran representación das formacións intermareais típicas de marisma, que alterna entrantes mariños e illas baixas. La ocupación humana foi moi importante na zona e na estruturación territorial, xerándose na actualidade unha paisaxe diversa, que presenta numerosas edificacións dispersas e rodeadas de terreos de cultivo moi parcelados, a modo de collage. As fábricas e as transformacións da liña de costa derivadas das actuacións industriais e das canteiras, engaden á paisaxe a carga antrópica que caracteriza á unidade, e á que se suman na actualidade as urbanizacións residenciais do noroeste.

DINÁMICA DA PAISAXE

As evolucións máis notables no que á paisaxe se refire, vincúlanse co aumento da poboación e o crecemento das áreas residenciais, que se irradiou por toda a unidade a partir de vivendas unifamiliares, e de urbanizacións nos últimos anos. Basicamente, a estrutura do parcelario mantívose, sendo moi importantes os cultivos profundamente parcelados en intensivo, aínda que cada vez con maior representación da vide. A actividade industrial estaba presente xa a mediados do século pasado, estando entón en activo as canteiras próximas á costa. A esta época remítense algúns dos ensanches, vías de servizo e espigóns. Hoxe en día, o abandono das actividades extractivas deu orixe á inundación das canteiras, e formáronse lagoas que continúan a lámina de auga do conxunto intermareal.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha área moi transformada na que a calidade paisaxística que adoita asociarse aos medios esteiros, foi minguada pola instalación de complexos industriais. Aínda así, a dinámica liña de costa representa un dos principais valores paisaxísticos da zona, adquirindo gran protagonismo os illotes, lagos, naturais ou artificiais, e a chaira lamacentas da área intermareal Umia – O Grove. Esta zona foi recoñecida como un hábitat de interese para numerosas aves limícolas, e por iso, catalogada como zona ZEPA, ZEPVN e LIC, ademais de ser incluída na lista de humedais protexidos do convenio RAMSAR. A proposta dun punto de observación na praia do Bao, mostra o característico espazo intermareal conformado polas marismas entre o fondo da ría e o ismo da praia da Lanzada e permite unha visión desde as zonas de marisma cara ao exterior da ría



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.





















ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.







ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos











Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



